

Memoria Deportiva

do Plan de Tecnificación FEGADO

para a tempada 2022 (finaliza a 31 de decembro)


Contido

1	Antecedentes.....	2
2	Finalidade	3
3	Obxectivos	3
4	Tecnificación transversal ás nosas especialidades e niveis	4
5	Técnicos responsables	5
6	Proceso de selección	5
7	Participantes	5
8	Concentracións feitas na tempada 2022	6
9	Actividades desenvolvidas e calendario de competicións.....	7
10	Instalacións e material.....	13
11	Custo económico TECNIFICACIÓN 2022 (remata a 31 de decembro).....	14
12	Deportistas en Programas Nacionais de Tecnificación.....	14

1 Antecedentes


O Plan de Tecnificación Deportiva da FEGADO, comezou a súa andaina no ano 2015, polo que a data actual estamos a desenrolar a octava (VIII) edición, nunha tempada 2022 que aínda está en curso posto que finaliza a 31 de decembro.

Aprender a “pensar e correr”. Consideramos a tecnificación na modalidade deportiva da orientación coma un proceso de aprendizaxe lento, complexo e marcadamente graduado. Máis aló da forma física, é consideramos esencial traballar da parte técnica e dos procesos mentais asociados. Tamén debe traballarse a parte normativa dun deporte con regulamentos e normas anuais complexos. O factor cognitivo é especialmente importante posto que hai que interpretar unha simboloxía determinada (lectura de mapa e descrición de controis) nun entorno boscoso ou urbano. É nestes aspectos técnicos e cognitivos, e non nos aspectos de resultados, cara onde enfocamos un Plan de Tecnificación Deportiva 2022 que busca asentar a participación nas categorías inferiores.



Escada da tecnificación na orientación, con exemplos concretos das habilidades de navegación
 Fonte: Swedish Orienteering Federation (SOFT).

Aprender a “perderse”. A importancia da tecnificación reside en que posiblemente a modalidade da orientación é o único deporte no que durante adestramentos e competicións perdemos totalmente o contacto visual coas persoas deportistas dende o mesmo momento en que toman a saída ata a súa chegada á meta. Inicialmente isto acontece en **terreos coñecidos**, isto é nun mapa dun colexio, nun parque urbano ou periurbano, nunha cidade ou vila, para progresivamente ir dando pasos progresivos cara aos **terreos descoñecidos** con maior complexidade de lectura de mapa.



Niveis adecuados para cada tramo de idade.
Fonte: Swedish Orienteering Federation (SOFT).

2 Finalidade

Consideramos que é a etapa de desenvolvemento e perfeccionamento pola que atravesamos o deportista desde a súa detección como talento ata a súa incorporación ao Alto Rendemento. Poderíamos dicir que é o proceso que serve de nexo entre o deporte base e o alto nivel, co cal falamos dun proceso moi amplo.

Entendemos que nesta etapa estamos a traballar con persoas deportistas que xa se desenvolven autonomamente en etapas infantil, cadete e xuvenil (**categorías de idade M/F 12, M/F 14, M/F 16 e M/F 18**), establecendo un límite de idade, que pode ser revisado, nos 21 anos (**categoría M/F 21**) de modo que tamén se favorece a integración coas persoas deportistas xa inmersas en fases de estudos/ciclos superiores, evitando o desconexión ou mesmo abandono da práctica deportiva. Tamén damos acceso aos rapaces e rapazas cunha incorporación tardía ao deporte e que necesitan dunha mellora técnica.

3 Obxectivos

A Plan de Tecnificación Deportiva da FEGADO persigue:

- **Principalmente consolidar a nosa canteira:** grupo de rapaces e rapazas nas categorías previas á absoluta e anteriores á previa á absoluta.
 - Xerar ilusión nos orientadores de base, para motivar a súa entrada no grupo de tecnificación.
 - Detección de talentos: é necesario detectar aos deportistas con posibilidades de chegar ao alto nivel.

- Selección e seguimento: posta en marcha dun proceso de selección e seguimento que permita ter clara a proxección do deportista e as súas necesidades deportivas.
- **Practicar a orientación en autonomía e con seguridade.** Perfeccionamento deportivo: ofrecer ao deportista as experiencias necesarias para o seu desenvolvemento (adestramento e competición de calidade).
- Consolidar un grupo de adestradores e adestradoras, de modo que poidan exportar o modelo FEGADO aos seus respectivos clubs no formato de Escolas de Orientación.
- Asentar una estrutura sobre a que desenrolar a curto (tempada 2023) e medio prazo (tempada 2024 e seguintes) o Alto Rendemento Deportivo na FEGADO.

A Plan de Tecnificación Deportiva da FEGADO non persigue a data actual, aínda que si existen a nivel individual e a nivel colectivo, obxectivos vinculados aos resultados deportivos nas categorías previas á absoluta e anteriores á previa á absoluta.

4 Tecnificación transversal ás nosas especialidades e niveis

O Plan de Tecnificación deportiva é transversal nas súas especialidades. Consideramos que é a especialidade de **Orientación a Pé** a que asenta as base sobre as que as persoas deportistas adquiren os coñecementos e habilidades que permitirán, no medio e longo prazo, participar no resto de especialidades coma a **MTBO**, **TRAIL-O** e estar preparados técnica e fisicamente a esixencia do **Raid de Orientación** (neste último caso, no alcance que establece o Regulamento e Normas Anuais, adaptados na última anualidade para regular a participación de menores no marco de poder prepararlos para a categoría xuvenil da Liga Española de Raids de Aventura (LERA) da Federación Española de Orientación (FEDO).

Con este razoamento, desenrolamos unha serie de tecnificacións con tres niveis de intensidade respecto ao deseño e medios

- a) Unha **tecnificación específica** con exercicios 'ad hoc' en datas anteriores ás principais competicións do calendario.
- b) Unha **tecnificación xeral programada** (con datas concretas sinaladas no calendario oficial FEGADO) e vinculada á participación nas categorías inferiores das probas das Ligas Galegas nas diferentes especialidades.
- c) Unha **tecnificación xeral non programada** (sen datas concretas sinaladas calendario oficial FEGADO), de carácter voluntario e tamén vinculada á participación nas categorías inferiores das probas das Ligas Galegas nas diferentes especialidades.

5 Técnicos responsables

Equipo de persoas coordinadoras (3 mulleres e 2 homes)

Jorge Piñeiro | Director Técnico da FEGADO.

Alejandra Carro | Vogal de Orientación a Pé | Licenciada en Educación Física.

Sonia Gómez | Vogal de Orientación en Bicicleta de Montaña MTBO | Diplomada en Educación Física.

Natalia Pedre | Vogal de Orientación de Precisión TRAIL-O | Diplomada en Educación Física.

Óscar Fernández | Vogal de Raid de Orientación

Equipo de persoas adestradoras (7 mulleres e 5 homes)

Sonia Arias | Ángel Albarrán | Brais Piñeiro | David Casado | María Piñeiro | Ángel Álvarez Serto | Ricardo Figueroa |

Teresa Bellón | Lucía Parga | Alba Grimaldi | Sescún Martí | Alba Dopico

6 Proceso de selección

Inscripción nas listas TECNIFICACIÓN O-PÉ 2022. Para poder asistir ás diferentes actividades de tecnificación que estiveron programadas no Proxecto Deportivo de Orientación durante o ano 2022, foi imprescindible envía unha solicitude a través da persoa responsable do club á conta de correo fegado.tecnificacion@gmail.com [\[ver convocatoria na WEB da FEGADO\]](#).

Requisitos. Ter licencia federativa de tempada en vigor, expedida a través dun club galego. Compromiso de participación e de continuidade, na medida do posible, nas tecnificacións programadas.

7 Participantes

Grupos de tecnificación. Actividades orientadas ao rendemento deportivo de base, entendido como a etapa de desenvolvemento e perfeccionamento previas á participación en categorías absolutas e anteriores á absoluta.

Persoas destinatarias. Rapaces e rapazas que xa "progresan autonomamente" en probas oficiais.

O-Pé. Mínimo nas categorías M/F 12, extensible a M/F16 e M/F18. Excepcionalmente M/F 21

MTBO. Mínimo nas categorías M/F 15, extensible a M/F17 e M/F20.

Raid de Orientación. Categoría de promoción Orientaraid.

Grupos de traballo. Por decisión técnica asignáronse ao Grupo 1 (básico), Grupo 2 (intermedio) ou Grupo 3 (perfeccionamento).

Escola de Pequen@s Orientador@s. Na medida do posible (dispoñibilidade de persoas adestradoras e número de inscritos) convidouse a formar parte das listaxes da tempada 2022 a nenos e nenas que "non progresen autonomamente" para así participar nas actividades da Escola de Pequen@s Orientador@s. Supuxo un esforzo importante, e será avaliada a continuidade desta liña de participación na tempada 2023.

8 Concentracións feitas na tempada 2022

Tecnificación vinculada ao CESA 2022

30 abril, 1 e 2 de maio | Antequera (Málaga)

Venres 29 de abril 2022 | Mapa de Repoblación-Gandía (Antequera) y Humilladero, Málaga

- (a) Prácticas sobre mapa. Adestramento tutelado con persoas adestradoras sobre mapa (model event).
- Percorrido INFANTIL. Selección Galega Infantil (8 persoas deportistas) | 2,6 km desnivel 80 m
 - Percorrido CADETE. Selección Galega Cadete (8 persoas deportistas) | 2,7 km desnivel 80 m
 - Percorrido XUVENIL. Selección FEGADO habilitada con fondos propios (8 deportistas) | 3,9 km desnivel 125 m
 - Equipo de persoas adestradoras (8). 1 home e 4 mulleres



Tecnificación INFANTIL 29/04/2022



Tecnificación CADETE 29/04/2022

- (b) Charla técnica de preparación da distancia media e distancia sprint (2 horas)
- Total deportistas participantes (24).

Sábado 1 de maio 2022 | Humilladero, Málaga

- o Charla técnica de preparación da media distancia longa (2 horas)
 - Total deportistas participantes (24).

Domingo 2 de maio 2022 | Humilladero, Málaga

- o Charla técnica de preparación da media remudas mixtas (2 horas)
 - Total deportistas participantes (24).

Tecnificación en San Leonardo e Navaleno (Soria) e en Urbasa (Navarra) Soria e Navarra

Colaboración coa organización conxunta do Club Navaleno e Club Deportivo Navarra:

30 e 31 de xullo 2022

- Carreiras en San Leonardo e Navaleno (Soria). Liga Norte 2022.
 - Total deportistas asistentes (13).

1 ao 5 de agosto

- O-TECH 2022 Urbasa (adestramentos de orientación).
 - Total deportistas asistentes (13).

6 e 7 de agosto

- Carreiras en Urbasa (Navarra). Liga Norte 2022.
 - Total deportistas asistentes (13).

9 Actividades desenvolvidas e calendario de competicións

O calendario oficial da FEGADO, Aprobado en Asemblea do 18 de decembro 2021 e modificado en diferentes Xuntas directivas, é público [\[ver calendario FEGADO de competicións oficiais federadas\]](#).

Obxectivo: preparación dos Campionatos de España de Orientación a Pé (CEO 2 - 2 e 3 de abril en Extremadura - e CEO 1 - 15 e 17 de abril en Aragón), Campionatos de España de Orientación en bicicleta de montaña (MTBO - 2 e 3 de xullo en La Rioja) o e do Campionato de España de Seleccións Autonómicas en Idade Escolar (CESA - 30 abril, 1 e 2 de maio en Antequera, Málaga).

Tecnificación principais calendadas no **Proxecto Deportivo O-Pé 2022:**

☑ ORIENTACIÓN A PÉ (O-PÉ) programadas

Tecnificación específica programada en datas previas ao CEO1, CEO2 e CESA

12 de febreiro 2022. Mapa (novo) Coirós (A Coruña) [\[ver convocatoria web FEGADO\]](#)





- Xornada de mañá. Revisión da carreira con persoas adestradoras da FEGADO. Análise de erros, técnicas aplicadas e eleccións de ruta.
- Xornada de tarde en Coirós (A Coruña), tras a competición de mañá de Liga Galega 2022 (duración 2,0 horas).
 - Remudas combinando deportistas de Grupos 1, 2 e 3. Trazados de David Casado.
 - Total deportistas asistentes (38 + 5 da Escola de Pequen@s Orientador@s).



Tecnificación no Mapa de A Cortella (Coirós) 12/2/2022. Cartografía: © David Casado

26 de febreiro 2022. Mapa (novo) Serrón do Lobo, Xermade (A Coruña) [\[ver convocatoria web FEGADO\]](#)

- Xornada de mañá. Revisión da carreira con persoas adestradoras da FEGADO. Análise de erros, técnicas aplicadas e eleccións de ruta.
- Xornada de tarde en Xermade (Lugo), tras a competición de mañá de Liga Galega 2022 (duración 2,5 horas).
 - Charla técnica de Iván Mera (colaborador FEGADO en materia de cartografía) sobre como se fai un mapa.
 - Charla técnica de María Piñeiro e Alejandra Carro sobre descrición de controis.
 - Charla técnica de Ángel Álvarez Serto sobre as curvas de nivel.
 - Actividade en Circuito de Orientación Permanente (CPO). Duelos con memorización de puntos de control.
 - Actividade en Mapa Serrón do Logo: dúas (2) actividades, a segunda delas con 3 exercicios (un por grupo de nivel).
 - Total deportistas asistentes (38 + 5 da Escola de Pequen@s Orientador@s).



Tecnificación no Mapa do Serrón do Lobo 26/2/2022. Cartografía: © Iván Mera e © Fundación Sotavento

Tecnificación xenérica programada

28 de maio 2022. Mapa (novo) Ordes (A Coruña).

- Xornada de mañá. Revisión da carreira con persoas adestradoras da FEGADO. Análise de erros, técnicas aplicadas e eleccións de ruta.
 - 39 persoas deportistas inscritas en categorías previas á absoluta e anteriores (17 rapaces e 22 rapazas).

11 de xuño 2020. Cambio de data e emprazamento a 12 de novembro de 2022. Oia (Pontevedra).

- Xornada de mañá. Revisión da carreira con persoas adestradoras da FEGADO. Análise de erros, técnicas aplicadas e eleccións de ruta.

17 de setembro. Mapa (novo) Pena dos Monteiros-Goente-Forgoselo. A Capela e As Pontes (Coruña).

- Xornada de mañá. Revisión da carreira con persoas adestradoras da FEGADO. Análise de erros, técnicas aplicadas e eleccións de ruta.
 - 37 persoas deportistas inscritas en categorías previas á absoluta e anteriores (24 rapaces e 13 rapazas).

1 de outubro. Mapa (novo) de O Corgo. Os Muiños (Ourense).

- Xornada de mañá. Revisión da carreira con persoas adestradoras da FEGADO. Análise de erros, técnicas aplicadas e eleccións de ruta.
 - 30 persoas deportistas inscritas en categorías previas á absoluta e anteriores (16 rapaces e 14 rapazas).

Tecnificación xenérica non programada

5 de febreiro 2022. Mapa de Monte Segade (Lugo). Distancia media.

- Xornada de mañá. Revisión da carreira con persoas adestradoras da FEGADO. Análise de erros, técnicas aplicadas e eleccións de ruta.
 - 29 persoas deportistas inscritas en categorías previas á absoluta e anteriores (13 rapaces e 16 rapazas).

12 de marzo 2022. Mapa (novo) de Torroña (Oia, Pontevedra). Distancia longa.

- Xornada de mañá. Revisión da carreira con persoas adestradoras da FEGADO. Análise de erros, técnicas aplicadas e eleccións de ruta.
 - 34 persoas deportistas inscritas en categorías previas á absoluta e anteriores (20 rapaces e 14 rapazas).

19 de marzo 2022. Mapa de Acibal (Campo Lameiro, Pontevedra, Moraña e Barro, Pontevedra). Distancia media.

- Xornada de mañá. Revisión da carreira con persoas adestradoras da FEGADO. Análise de erros, técnicas aplicadas e eleccións de ruta.
 - 41 persoas deportistas inscritas en categorías previas á absoluta e anteriores (18 rapaces e 23 rapazas).

21 de maio 2022. Mapa dos Chans do Barbanza (Boiro, A Coruña). Distancia media.

- Xornada de mañá. Revisión da carreira con persoas adestradoras da FEGADO. Análise de erros, técnicas aplicadas e eleccións de ruta.
 - 32 persoas deportistas inscritas en categorías previas á absoluta e anteriores (15 rapaces e 17 rapazas).

2 de outubro. A Limia (Ourense). Proba cancelada por motivos de forza maior do organizador.

- Xornada de tecnificación **cancelada**.
- **Reprogramación** inicial para Campus Navidad en Paderne (A Coruña). Mapa do Campionato de España de Rogaine Betanzos-Paderne (escala 1s:10.000 y 1:15.000) Duración 2 días en decembro 2022 | Aloxamento en chan duro.

19 de novembro. Mapa (novo) de Monte Iriote (O Porto de Son e Boiro, A Coruña). Proba do calendario oficial.

- Xornada de tecnificación **data modificada (inicialmente calendarada para o 22 de outubro) por causas meteorolóxicas adversas**.

☑ ORIENTACIÓN EN BICLETA DE MONTAÑA (MTBO)

Tecnificación xenérica non programada

19 de marzo 2022. Mapa de Pontillón do Castro (Pontevedra). Distancia media.

- Xornada de mañá. Revisión da carreira con persoas adestradoras da FEGADO.

Análise de erros, técnicas aplicadas e eleccións de ruta.

- 17 persoas deportistas inscritas en categorías previas á absoluta e anteriores (10 rapaces e 7 rapazas).

7 e 8 de marzo 2022. Mapa (novo) de Ordes (A Coruña). Tres (3) probas. Distancias longa, media e sprint.

- Xornadas de mañá e tarde. Revisión da carreira con persoas adestradoras da FEGADO.
Análise de erros, técnicas aplicadas e eleccións de ruta.
 - 17 persoas deportistas inscritas en categorías previas á absoluta e anteriores (10 rapaces e 7 rapazas).

14 de maio 2022. Mapa do Xiabre (Vilagarcía de Arousa, Pontevedra). Distancia media.

- Xornada de mañá. Revisión da carreira con persoas adestradoras da FEGADO.
Análise de erros, técnicas aplicadas e eleccións de ruta.
 - 15 persoas deportistas inscritas en categorías previas á absoluta e anteriores (9 rapaces e 6 rapazas).

3 de setembro 2022. Mapa da Terra Chá (Castro de Rei, Lugo). Distancia longa.

- Xornada de mañá. Revisión da carreira con persoas adestradoras da FEGADO.
Análise de erros, técnicas aplicadas e eleccións de ruta.
 - 13 persoas deportistas inscritas en categorías previas á absoluta e anteriores (7 rapaces e 6 rapazas).

24 de setembro 2022. Mapa de A Capelada e Cariño (Cedeira, Ortigueira e Cariño, A Coruña). Distancias longa e sprint.

- Xornada de mañá. Revisión da carreira con persoas adestradoras da FEGADO.
Análise de erros, técnicas aplicadas e eleccións de ruta.
 - 13 persoas deportistas inscritas en categorías previas á absoluta e anteriores (7 rapaces e 6 rapazas).

30 de outubro 2022. Mapa de O Bolo (Ourense). Distancia longa.

- Proba **cancelada** por falta de autorizacións administrativas
-

☑ RAID DE ORIENTACIÓN

Tecnificación xenérica programada

Consideramos a participación no Campionato de España de Xuvenil de Seleccións Autonómicas de Girona como parte do proceso de tecnificación deportiva de cara a poder participar autonomamente na categoría da Liga Española de Raids de Aventura (LERA) da Federación Española de Orientación (FEDO). A presenza dun adestrador FEGADO resulta imprescindible para a preparación técnica, normativa e emocional, nunha especialidade moi esixente. Tamén para garantir os desprazamentos e a tutela de menores de idade.

28 e 29 de maio 2022. Campionato de España de Xuvenil de Seleccións Autonómicas. Girona

- INDIKETES ADVENTURE RACE 2022 (duración 2 etapas: día 1 y día 2).
O adestramento constou de dúas partes: unha pequena explicación técnica e unha parte práctica cun punto cronometrado e varios desafíos de PreO. Foi accesible para persoas con mobilidade reducida/limitada.
 - Total deportistas Selección Galega de Raid Xuvenil (3: 2 rapaces e unha rapaza)
 - Total deportistas participantes: 21 distribuídos en 6 equipos mixtos.
 - Adestrador e asistencia: Óscar Fernández Otero.

Tecnificación xenérica non programada

O Regulamento de RAID de orientación 2022 incorporou nesta tempada cambios normativos nos Regulamentos e nas Normas Anuais de cara a facilitar a participación de menores, no contexto de tecnificación deportiva:

En categoría Orienta-Raid, pola súa banda, poderán participar tanto maiores de idade (18 anos cumpridos) coma menores que teñan (ou cumpran no 2022) 16 ou 17 anos, sempre debidamente autorizados (pai/nai/titor legal) e acompañados durante todas as seccións do percorrido por polo menos un maior de idade con experiencia acreditada na modalidade deportiva de orientación. Excepcionalmente, no contexto da tecnificación de cara á futura participación na Categoría Xuvenil de la Liga Española de Raids de Aventura (LERA) da Federación Española de Orientación (FEDO), ou ben no Campionato de España Xuvenil de Seleccións Autonómicas de Raid de Aventura (CERA Juvenil),

se permitirá a participación de menores que teñan (ou cumpran no 2022) 15 anos, que tamén han de estar debidamente autorizados (pai/nai/titor legal) e acompañados durante todas as seccións do percorrido por polo menos un maior de idade con experiencia acreditada na modalidade deportiva de orientación.

C) XVIII LIGA GALEGA DE RAID DE ORIENTACIÓN

NÚM.	DATA	ORGANIZADOR	LUGAR	TIPO	OBSERVACIÓNS
1	05/03/2022	Fluvial	Becerreá	Race	
2	26/03/2022	Xesta	Covelo	Race	
3	18-19/06/2022	Aromon	Valmiñor	Race	CG-LERA (Cto-Ibérico)
4	10/09/2022	Budiñoraid	Tui-Valença	Race	
5	8-9/10/2022	Galiorient Sports	Muras	Race	LERA - AREC

☒ TRAIL-O

6 de febreiro 2022. Mapa (novo) da Illa das Esculturas (Pontevedra)

- Xornada específica de mañá (duración 2,0 horas) organizada polo Club AROMON e a Vogalía de Trail-O da FEGADO. O adestramento constou de dúas partes: unha pequena explicación técnica e unha parte práctica cun punto cronometrado e varios desafíos de Pre-O. Foi accesible para persoas con mobilidade reducida/limitada.

- Total deportistas asistentes (12)




Tecnificación no Mapa Illa das Esculturas 6/2/2022. Cartografía: © Manuel Varela. Trazados: Ángel Álvarez Serto

12 de febreiro 2022. Mapa (novo) A Cortella, Coirós (A Coruña)

- Xornada de tarde en Coirós (A Coruña), tras a competición de mañá de Liga Galega 2022 (duración 1,0 hora).
- Total deportistas asistentes (38)

26 de febreiro 2022. Mapa (novo) Serrón do Lobo, Xermade (A Coruña)

- Xornada de tarde en Xermade (Lugo), tras a competición de mañá de Liga Galega 2022 (duración 1,0 hora).



Tecnificacións nos Mapas de Serrón do Lobo (Xermade) e A Cortella (Coirós) 12 e 26/2/2022
Cartografía e trazados: © Javier Arufe e Natalia Pedre

10 Instalacións e material

Instalación deportivas: as instalacións deportivas da orientación son os **mapas** especificados nos apartados anteriores

Materiais FEGADO declarados no ANEXO II da documentación aportada regularmente aos expedientes de Convenio Xunta-FEGADO. Esencialmente: balizas (conxunto estaca, telas e pinzas clásicas), estacións dixitais SPORTident, pinzas electrónicas SIAC ou similares. Colaboración dos diferentes clubs da FEGADO con materiais e recursos propios.

11 Custo económico TECNIFICACIÓN 2022 (remata a 31 de decembro)

A data actual, a tempada aínda non está rematada. Será na Asemblea Xeral convocada en Lugo para o sábado 17 de decembro de 2022 onde se expoñerán os orzamentos executados e/ou pendentes de execución para o coñecemento das persoas asembleístas e das persoas asistentes, e para a súa aprobación, se procede.

O orzamento en concepto de TECNIFICACIÓN dentro da **Actividade Deportiva Ordinaria da FEGADO 2022**, segundo os orzamentos aprobados en Asemblea Xeral de 18 de decembro de 2021 é de **4.846,71 euros**.

A maiores, en concepto de TECNIFICACIÓN DE RAID e INSCRIPCIÓNS AO CAMPIONATO DE ESPAÑA DE RAID XUVENIL (equipos mixtos), ambos dentro da Actividade Deportiva e de Promoción, habilitáronse **250 euros** e **95 euros** respectivamente no marco do “*xénero menos representado dentro da práctica deportiva da federación (deporte feminino)*”.

Tamén contemplamos unha partida en concepto de ALTO NIVEL, ALTO RENDEMENTO DEPORTIVO E RENDEMENTO DEPORTIVO DE BASE, tamé dentro da **Actividade Deportiva Ordinaria da FEGADO 2022**, por importe de **3.000 €**.

12 Deportistas en Programas Nacionais de Tecnificación

ORIENTACIÓN A PIE

Selección Española Absoluta

[\[VER programa y criterios de SELECCIÓN ABSOLUTA FEDO\]](#)

Ademais do primeiro equipo absoluto da Federación Española de Orientación (FEDO), forman parte do EQUIPO ÉLITE como atletas en crecemento e desenrolo, catro (4) persoas deportistas da FEGADO (2 homes e dúas mulleres), convidados a participar nas actividades programadas polo seleccionador nacional absoluto Mikael Wiren.

Lucía Parga Basanta	(inicialmente FLUVIAL LUGO, hoxe AROMON, Pontevedra)
María Piñeiro Varela	ARTABROS, A Coruña
Xoel Chamorro García	AROMON, Pontevedra
Brais Piñeiro Fraga	AROMON, Pontevedra

A esta lista aberta incorporouse durante a tempada, en base aos resultados obtidos no Campionato de España na especialidade Sprint, o deportista

Maikel Rodríguez Domínguez	VIGORIENTA, Pontevedra.
----------------------------	-------------------------

Obxectivos principais da integración no Programa Nacional de Tecnificación da FEDO

Formar un equipo competitivo para asistir aos campionatos internacionais | Crear un ambiente positivo nel que cualquier deportista pueda seguir crecendo y desarrollándose dentro del equipo de la selección | Fortalecer el sentimiento de equipo | Crear y compartir objetivos comunes. | Conseguir que cada atleta obtenga su máximo rendimiento en las competiciones prioritarias de la temporada | Favorecer el tránsito de la categoría Junior a la Absoluta colaborando y realizando actividades conjuntas | Apoyar a todos los deportistas que, aun no estando dentro del equipo absoluto, han mostrado potencial y ambición de seguir progresando para finalmente poder optar a formar parte de la selección | Realizar las actividades programadas con la mayor calidad posible | Difundir y compartir con el resto de la comunidad orientadora los conocimientos y experiencia de los mejores deportistas del país.

- 26 ao 30 de decembro 2021.** Concentración **oficial** FEDO de preparación tempada 2022. Aguiar da Beira (Portugal) [\[ver noticia FEDO\]](#).
 - Total deportistas asistentes (2): Lucía Parga e Brais Piñeiro.
- 25 ao 27 de marzo 2022.** Concentración **oficial** Sprint FEDO. Alcoi e Bocairant (Alicante) [\[ver noticia FEDO\]](#)
 - Obxectivos: Probas para preparar o Campionato do Mundo Sprint WOCs nas disciplinas: Sprint, Knock-Out Sprint y Relevos Mixtos con aire nórdico
 - Total deportistas asistentes (1): Lucía Parga.
- 2 ao 8 de xullo.** Concentración **oficial (reprogramada)** EOC. Font Romeu (Francia).
 - Obxectivos: Concentración Selección Española Absoluta e Equipo Elite (Isaac Hernandez, Kika Basaran, Alvaro Garcia, Luis Nogueira, Alvaro Casado, Ana Toledo, David Rojas e Lucía Parga) para preparar as probas de selección e adecuarse ao terreo nórdico de cara ao Campionato Europeo de Orientación (EOC).
 - Total deportistas asistentes (1): Lucía Parga.
- 25 ao 30 de xullo 2022. 5 DÍAS DE SUECIA O-Ringen 2022 .** Concentración **non oficial** en Uppsala (Suecia).
 - Obxectivos: Concentración en Suecia coincidiendo coa coordinación da participación no O-Ringen 2022 dun equipo **auspiciado pola Federación Española de Orientación (FEDO)**. Adestramento de compe4ción e adaptación ao terreo escandinavo como preparación ao Campionato de Europa de Orientación (EOC).
 - Total deportistas asistentes (4):
Lucía Parga Basanta, Xoel Chamorro García, Brais Piñeiro Fraga, María Piñeiro Varela.

Probas de selección:

- 30 de abril a 1 de maio 2022.** Probas de Selección. Yepes, Huerta de Valdecarábanos y Ocaña (Toledo).
 - Obxectivos: Probas de selección World Cup 1 (Boras, Suecia) e Campionato do Mundo Sprint WOCs (Dinamarca).
 - Total deportistas asistentes (2): Lucía Parga Basanta e Maikel Rodríguez Domínguez.
- 2 ao 8 de xullo.** Probas de Selección EOC. Font Romeu (Francia).
 - Obxectivos: Probas de selección en bosque para o Campionato Europeo de Orientación (EOC) en Estonia.
 - Total deportistas asistentes (2): Lucía Parga e Xoel Chamorro.
- 19 e 20 de febreiro 2022. Maximus O Meeting**
 - Total deportistas asistentes (4): Lucía Parga, Xoel Chamorro, Maikel Rodríguez e María Piñeiro.
- 12 e 13 de marzo 2022. Costa Cálida (Murcia)**
 - Total deportistas asistentes (2): Lucía Parga e Xoel Chamorro.
- 2 e 3 de abril 2022. Campionato de España 2 (CEO2) en Extremadura**
 - Total deport. asist. (5): Lucía Parga, Brais Piñeiro, Xoel Chamorro, Maikel Rodríguez e María Piñeiro.
- 15 a 17 de abril 2022 . Campionato de España 1 (CEO1) en Aragón**
 - Total deport. asist. (5): Lucía Parga, Brais Piñeiro, Xoel Chamorro, Maikel Rodríguez e María Piñeiro.

Selección Española Cadete e Xuvenil

[\[VER programa y criterios de selección CADETE e XUVENIL\]](#)

Un dos requisitos para os seleccionables é asistir activamente ás actividades de tecnificación convocadas pola FEDO (Plan Nacional de Tecnificación Deportiva PNTD e concentracións propostas).

Concentracións Cadete e Xuvenil:

2 ao 5 de xaneiro 2022. Plan Nacional de Tecnificación. CONCENTRACIÓN DE REIS. Comarca de Daroca (Aragón)

- Curso de perfeccionamento PNTD aberto ás categorías Infantil, Cadete e Xuvenil [\[ver BOLETÍN\]](#).
- Adestramentos de calidade, á vez que xornadas de convivencia.
- 8 sesións técnicas (2 de elas simulacións) dirixidas e analizadas por monitores FEDO. Ademais, se programaron 2 charlas especializadas e a presentación del programa de seleccións 2022.
 - Total deportistas asistentes (1): Mateo Rodríguez Díaz [\[ver CONVOCATORIA EYOC\]](#).

18 ao 19 de xuño 2022. Plan Nacional de Tecnificación. CONCENTRACIÓN EUROPEAN YOUTH ORIENTEERING CHAMPIONSHIP. Otxandio (Euskadi)

- Concentración para as categorías MF/16 [\[ver NOTICIA páx. 68\]](#).
 - Total deportistas asistentes (2)
 - Mateo Rodríguez Díaz [\[ver CONVOCATORIA EYOC\]](#).
 - Eva Casado Núñez (por invitación da Seleccionadora Cadete Amanda Pons)

Probas de selección:

1ª proba de selección EYOC | 19 e 20 de febreiro 2022 Maximus O Meeting

- Total deportistas asistentes (2): Mateo Rodríguez Díaz y Eva Casado Núñez

2ª proba de selección EYOC | 12 e 13 de marzo 2022 Costa Cálida (Murcia)

- Total deportistas asistentes (1): Eva Casado Núñez

3ª proba de selección EYOC | Campionato de España 2 (CEO2) 2 e 3 de abril 2022 en Extremadura

- Total deportistas asistentes (2): Mateo Rodríguez Díaz y Eva Casado Núñez

4ª proba de selección EYOC | Campionato de España 1 (CEO1) 15 a 17 de abril 2022 en Aragón

- Total deportistas asistentes (2): Mateo Rodríguez Díaz y Eva Casado Núñez

☑ MTBO | ORIENTACIÓN EN BICICLETA DE MONTAÑA

[\[VER programa y criterios de SELECCIÓN MTBO\]](#)

Concentracións seleccións MTBO:

26 y 27 de marzo 2022. Concentración na COPA CATALANA en Sabadell (Cataluña)

- Concentración para as categorías MF/16 [\[ver NOTICIA web FEDO\]](#).
 - Total deportistas asistentes (4):
 - Absoluta | Ángel García y Juan José Sancosmed.
 - Xuvenil | Sofía Martínez y Marcos Silvarrey.

Probas de selección:

9 e 10 de abril 2022. Liga Española MTBO VI Trofeo de la Costa Alentejana. Santiago do Cacém (Portugal).

- Total deportistas asistentes (4):
 - Absoluta | Ángel García y Juan José Sancosmed.
 - Xuvenil | Sofía Martínez y Marcos Silvarrey.

23 e 24 abril 2022. Liga Española MTBO Trofeo Extremadura Tajo Internacional (Extremadura)

- Total deportistas asistentes (4):

- Absoluta | Ángel García y Juan José Sancosmed.
- Xuvenís | Sofía Martínez y Marcos Silvarrey.

7 - 8 de maio 2022. Liga Española MTBO e Campionato Ibérico. Ordes (A Coruña)

- Total deportistas asistentes (4):
 - Absoluta | Ángel García y Juan José Sancosmed.
 - Xuvenís | Sofía Martínez y Marcos Silvarrey.

4 e 5 de xuño 2022. Liga Española MTBO Trofeo Costa Cálida (Murcia).

- Total deportistas asistentes (2):
 - Xuvenís | Sofía Martínez y Marcos Silvarrey.

2 - 3 de xullo 2022. Liga Española MTBO e Campionato de España (La Rioja).

- Total deportistas asistentes (4):
 - Absoluta | Ángel García y Juan José Sancosmed.
 - Xuvenís | Sofía Martínez y Marcos Silvarrey.